

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

**8452** *Real decreto 310/2021, do 4 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica.*

O organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica (CNIX) foi creado como organismo autónomo de carácter comercial polo artigo 122 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989. O número dous do citado artigo 122 sinala que o CNIX «terá por finalidade producir, desenvolver e distribuír os traballos e publicacións que demande a sociedade, incluíndo a comercialización dos que realiza a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional en execución das funcións que lle estean atribuídas legalmente, a elaboración de produtos derivados e temáticos e a súa distribución nacional e internacional, sen prexuízo das posibles competencias atribuídas a outros organismos da Administración na produción e mantemento de diversos produtos cartográficos, con especial dedicación á realización de proxectos baseados en tecnoloxías avanzadas, programas de investigación e desenvolvemento e prestación de asistencia técnica no ámbito das ciencias e técnicas xeográficas».

En virtude do establecido no número 7 do mencionado precepto legal, aprobouse o Real decreto 1243/1990, do 11 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica, que foi derogado polo Real decreto 663/2007, do 25 de maio, polo que se aproba o Estatuto do Centro Nacional de Información Xeográfica.

Doutra banda, na Lei 50/1998, do 30 de setembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no seu artigo 60.1 establécese que os organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogos entre os que se inclúe o organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica teñen a condición de organismos autónomos dos previstos no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Posteriormente, o estatuto foi modificado polo Real decreto 1637/2009, do 30 de outubro, polo que se modifica o Estatuto do Centro Nacional de Información Xeográfica, aprobado polo Real decreto 663/2007, do 25 de maio.

Non obstante, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, modificou a normativa aplicable aos organismos públicos e determina as características e condicións que deben cumprir os organismos autónomos.

Ademais, desde 2009, o organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica exerce a función de planificación e xestión da Infraestrutura de información xeográfica de España, así como a harmonización e normalización, no marco do Sistema cartográfico nacional, da información xeográfica oficial e a función de planificación e desenvolvemento de servizos de valor engadido e de novos sistemas e aplicacións en materia de información xeográfica, especialmente para o aproveitamento no ámbito das administracións públicas, todo iso para desempeñar no marco estratéxico definido pola Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional.

Desde a aprobación do Estatuto do Centro Nacional de Información Xeográfica polo Real decreto 663/2007, do 25 de maio, as tecnoloxías e métodos de acceso á información xeográfica cambiaron significativamente, do mesmo xeito que tamén o fixeron as necesidades e requirimentos dos usuarios e das administracións públicas en xeral, de forma que a contorna en que se desenvolven as actividades do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica experimentou cambios e transformacións de tal envergadura que obrigan a unha reconsideración da súa actividade, para permitir un mellor desenvolvemento dos obxectivos que, a medio e longo prazo, ten que cumprir e que

Ile deben ser demandados, adecuando o seu funcionamento á realidade do contexto en que opera e á demanda social existente, tanto nacional como internacional, e sen que iso supoña incremento ningún de gasto público.

Efectivamente, os anos transcorridos desde a elaboración do estatuto actualmente vixente supuxeron unha ampliación e diversificación notable do que se pode entender como traballos, publicacións, ciencias e técnicas xeográficas. Hoxe en día considéranse intimamente ligadas, e mesmo pertencentes ás ciencias xeográficas, algunhas disciplinas como a astronomía, xeofísica, sismoloxía e vulcanoloxía, desde o momento en que algunha das súas finalidades é, precisamente, a determinación de alta precisión da forma e dimensións da Terra e o seu campo de gravidade. Reciprocamente, en xeofísica é necesaria a utilización de técnicas topográficas, xeodésicas e cartográficas para o estudo, seguimento e predición de fenómenos sísmicos ou volcánicos. O desenvolvemento das novas tecnoloxías e da ciencia obriga a ampliar a caracterización da denominada información xeográfica (ou xeoespacial).

De igual modo, tamén é clave o papel que o organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica realiza como garante da existencia dunha auténtica infraestrutura xeográfica completa, precisa e adecuada ás necesidades da sociedade, facilmente accesible, harmonizada e conforme cos estándares vixentes, no marco estratéxico definido pola Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional. Neste punto, é necesario ter en conta que un dos obxectivos estratéxicos desta dirección xeral é o coñecemento científico máis profundo nas disciplinas da súa competencia e o uso da instrumentación tecnoloxicamente máis avanzada (incluídas as actuais aplicacións espaciais), tendo en conta que resultan imprescindibles para a prestación de servizos tan importantes para os cidadáns como son os de vixilancia e alerta sísmica e volcánica, os servizos xeodésicos a escala global en que se fundamentan os sistemas de posicionamento e navegación ou a produción de cartografía.

Tamén se debe considerar a necesidade de asegurar o contacto directo co territorio, sobre o que, tanto a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional como o organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica, teñen que informar e prestar servizos aos cidadáns, e asumir, ademais, unha representación institucional en feiras do libro, exposicións, congresos e salóns especializados e unhas relacións fluídas co sector empresarial mediante a provisión de datos, produtos, servizos e aplicacións xeográficas. Todo iso a través de canles de distribución e comercialización eficientes e eficaces.

Por outra banda, o Real decreto 2724/1998, do 16 de decembro, de integración dos servizos rexionais da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional nas delegacións do goberno, sinala, na súa disposición adicional segunda, que «os servizos integrados da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional continuarán levando a cabo a venda de publicacións e a correspondente recadación de ingresos por conta do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica». Para estes efectos, debe terse presente que, conforme o artigo 13.9 do Real decreto 645/2020, do 7 de xullo, o organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica está adscrito ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a través da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional.

Neste sentido, no Real decreto 663/2007, do 25 de maio, establécese que o organismo contará coa rede de casas do mapa, baixo cuxa denominación se establecerán locais e servizos de información xeográfica e, se for o caso, venda ao público de, entre outros, os produtos e servizos de cartografía oficial da Administración xeral do Estado e os seus organismos dependentes. Así mesmo, establécese que existirá unha casa do mapa, polo menos, en cada comunidade autónoma. Non obstante, a rede de casas do mapa foi decrecendo en número e tamaño ao longo dos anos en consonancia coa evolución das necesidades reais de distribución e venda de produtos físicos e, ademais, os servizos rexionais son os encargados da súa xestión. Por tanto, actualmente, son parte dos espazos e funcións dos servizos rexionais e carece de sentido distinguilas cunha identificación propia dado que a tendencia a medio prazo é que non se poderá conformar unha rede no sentido en que o actual estatuto prevé.

Por último, é necesario fortalecer o papel que o organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica realiza no desempeño da difusión de información xeográfica a través dos diferentes medios de comunicación (internet, redes móbiles, redes sociais, etc.) e incrementar o coñecemento que a sociedade ten deste sector e, en particular, dos datos, produtos, servizos e aplicacións xeográficas da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional.

Todo o referido anteriormente lévase a cabo seguindo os principios de boa regulación referidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, especialmente, os principios de necesidade e eficacia que quedan establecidos de maneira clara e concisa neste estatuto, as funcións do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica cuxo servizo público durante máis de trinta anos demostrou que se trata dun medio eficaz para a consecución dos obxectivos marcados.

A norma proxectada atende á necesidade de aprobar o Estatuto do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica co fin de procurar a súa adecuación á nova normativa vixente no ámbito organizativo e procedemental da Administración xeral do Estado. Ademais, é eficaz e proporcionada no cumprimento deste propósito, sen afectar en forma ningunha os dereitos e deberes da cidadanía. Tamén contribúe a dotar de maior seguridade xurídica a organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, ao adecuar o dito estatuto á estrutura de departamentos ministeriais e órganos directivos actualmente existentes. Cumpre tamén co principio de transparencia, xa que identifica claramente o seu propósito, e a memoria, accesible á cidadanía, ofrece unha explicación completa do seu contido. Dado que se trata dunha norma puramente organizativa, a súa tramitación encóntrase exenta da consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información pública. Finalmente, é tamén adecuada ao principio de eficiencia, debido a que non impón cargas administrativas.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Política Territorial e Función Pública, da ministra de Facenda e do ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de maio de 2021,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Aprobación do estatuto.*

Apróbase o Estatuto do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica, cuxo texto se insire a seguir deste real decreto.

##### Artigo 2. *Servizos rexionais e servizos periféricos da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional.*

Os servizos rexionais e os servizos periféricos da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional darán soporte ás actividades que desenvolva o organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica, no ámbito territorial que lles corresponda, sempre que respondan ás competencias atribuídas á dita dirección xeral vehiculadas polo organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica, ou ás propias competencias deste, conforme o seu estatuto, cos instrumentos xurídicos que en cada caso lle correspondan.

##### Artigo 3. *Proxectos de I+D+i.*

O organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica, para os efectos da obtención e xestión de financiamento público, poderá desenvolver e participar nos proxectos de investimento en I+D+i e en materia científico-tecnolóxica que a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional determine nos termos e materias da súa propia competencia.

Disposición adicional primeira. *Supresión de departamentos.*

Suprímense os departamentos de calidade, información, desenvolvemento e territorial.

Disposición adicional segunda. *Gastos de persoal.*

O novo Estatuto do Centro Nacional de Información Xeográfica non suporá un aumento neto dos gastos de persoal da institución.

Disposición adicional terceira. *Referencias a órganos suprimidos.*

As referencias que se fan no ordenamento xurídico aos órganos que se suprimen por este real decreto entenderanse realizadas aos que se crean, substitúen ou asumen as súas competencias nesta mesma norma.

Disposición transitoria única. *Adscrición de postos de traballo.*

Ata a aprobación dunha nova relación de postos de traballo, os funcionarios que ocupen postos de traballo de nivel inferior a subdirección xeral quedarán adscritos aos postos de traballo que veñan desempeñando na data de entrada en vigor deste estatuto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, o Real decreto 663/2007, do 25 de maio, polo que se aproba o Estatuto do Centro Nacional de Información Xeográfica.

Disposición derradeira primeira. *Medidas de aplicación e habilitación regulamentaria.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, logo de cumprimento dos trámites establecidos na lexislación vixente, para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto e para propor á persoa titular do Ministerio de Política Territorial e Función Pública as disposicións que considere necesarias para a mellor regulación dos servizos rexionais da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, 4 de maio de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,  
CARMEN CALVO POYATO

## ESTATUTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO CENTRO NACIONAL DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA

### CAPÍTULO I

#### Natureza, réxime xurídico e adscrición

##### Artigo 1. *Natureza do organismo autónomo.*

O Centro Nacional de Información Xeográfica (CNIX) é un organismo autónomo, dos previstos no número 1.a) 1.º do artigo 84 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, con personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión e plena capacidade xurídica e de obrar e, dentro da súa esfera de competencias, correspóndenlle as potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins, agás a potestade expropiatoria.

##### Artigo 2. *Réxime xurídico do organismo autónomo.*

O organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica réxese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; polo artigo 122 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989, no non derogado pola anterior; pola Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía; pola Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España; pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; por este estatuto e polas demais disposicións aplicables aos organismos autónomos da Administración xeral do Estado.

##### Artigo 3. *Adscrición do organismo autónomo.*

O organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica está adscrito ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a través da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, á cal corresponden a dirección estratéxica, a avaliación e o control dos resultados da súa actividade. Igualmente, correspóndelle avaliar a súa eficacia respecto ao grao de cumprimento dos obxectivos propostos e a súa eficiencia respecto á adecuada utilización dos recursos asignados, a inspección do funcionamento do persoal e dos servizos centrais e periféricos, e o informe dos convenios, instrucións e outros proxectos normativos, todo iso sen prexuízo dos controis indicados no artigo 14 deste estatuto.

### CAPÍTULO II

#### Fins e funcións

##### Artigo 4. *Fins.*

1. O organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica ten por finalidade, de acordo co artigo 122.Dous da Lei 37/1988, do 28 de decembro, producir, desenvolver e distribuír os traballos e publicacións de carácter xeográfico que demande a sociedade, incluíndo a comercialización dos que realiza a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional en execución das funcións que lle están atribuídas legalmente, a elaboración de produtos derivados e temáticos e a súa distribución nacional e internacional, sen prexuízo das posibles competencias atribuídas a outros organismos da Administración na produción e mantemento de diversos produtos cartográficos, con especial dedicación á

realización de proxectos baseados en tecnoloxías avanzadas, programas de investigación e desenvolvemento e prestación de asistencia técnica no ámbito das ciencias e técnicas xeográficas, todo iso nun marco estratéxico definido pola Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, segundo se establece no artigo 17.3 do Real decreto 645/2020, do 7 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

2. Para o cumprimento dos seus fins, o organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica poderá promover e participar directa ou indirectamente en sociedades cuxo obxecto social prevexa as mesmas finalidades.

#### Artigo 5. *Funcións.*

O organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica exercerá como unidade especializada a difusión, distribución, promoción, comercialización e explotación de datos, produtos, servizos e aplicacións xeográficas; a xestión da infraestrutura tecnolóxica xeoespacial da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional; a participación e concurso en proxectos de investigación e a representación institucional en materia xeográfica, dentro do marco estratéxico definido pola Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, incluíndo as funcións que a seguir se detallan:

1. Distribuír, promocionar e comercializar datos, produtos, servizos e aplicacións xeográficas de carácter oficial e de interese xeral, con especial atención aos xerados pola Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e polo propio organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica, en concreto:

a) Comercializar os produtos e servizos xeográficos da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e os de valor engadido elaborados polo propio organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica.

b) Comercializar os produtos e servizos xeográficos doutras institucións coas que o organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica estableza o oportuno acordo ou convenio. A comercialización realizarase, preferentemente, a través da rede de puntos de distribución, a rede de distribuidores e a tenda virtual do CNIX. Todo iso comportará a xestión dos correspondentes almacéns.

c) Distribuír os datos, produtos, servizos e aplicacións xeográficas a través dos diferentes medios dispoñibles, atendendo á política de difusión pública da información xerada pola Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, definida na Orde FOM/2807/2015, do 18 de decembro.

d) Así mesmo, distribuír os datos, produtos, servizos e aplicacións xeográficas doutras institucións coas que o organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica estableza o oportuno acordo ou convenio.

e) Distribuír, conservar e explotar un banco de datos de fotografías aéreas sobre todo o territorio nacional.

f) Atender e xestionar consultas, queixas e suxestións relacionadas coas actividades do IXN e do CNIX. Proporcionar un servizo público de información e asesoramento sobre os campos de actuación do IXN e CNIX.

g) Promocionar o uso da información xeográfica oficial en forma de datos analóxicos ou dixitais, a través de servizos web ou outro tipo de publicacións sobre calquera medio e soporte que se habilite.

h) Xestionar a difusión de contidos e noticias da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica a través dos diferentes medios e canles de comunicación, con especial atención á internet e ás redes sociais.

i) Promocionar e xestionar exposicións e feiras de carácter comercial para a difusión do patrimonio histórico e cartográfico da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e dos seus museos e instalacións.

j) Promocionar e xestionar a Editorial Centro Nacional de Información Xeográfica.



k) Promocionar os datos, produtos, servizos e aplicacións xeográficas da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica. Xestionar as campañas de publicidade, comerciais e institucionais, que se leven a cabo.

l) Desenvolver actividades para difundir o coñecemento cartográfico e as tecnoloxías xeográficas na sociedade española, en Europa e en Iberoamérica.

m) Elaborar e manter a carta de servizos do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica.

2. Explotar os datos, produtos, servizos e aplicacións xeográficas da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e do propio organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica, en concreto:

a) Crear e manter produtos, servizos e aplicacións temáticas de interese a partir da información xerada pola Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e polo propio organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica. Integrar esa información coa procedente doutras fontes, preferentemente oficiais, para dotar de valor engadido os contidos orixinais.

b) Diseñar e elaborar os produtos de datos xeográficos de valor engadido que demande a sociedade en particular e o interese xeral.

c) Xestionar e facer evolucionar o Sistema de información xeográfica nacional (Sixna) para proporcionar un SIX capaz de analizar a información xeográfica dispoñible a través de datos e servizos, que dispoña de altas capacidades para particulares, empresas e profesionais.

d) Promocionar e impulsar no ámbito das administracións públicas os servizos da Imprenta Nacional da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional.

e) Elaborar recursos educativos sobre información xeográfica que faciliten o labor de docentes e estudantes de todas as idades e niveis, prestando atención a criterios pedagóxicos e á normativa vixente en materia educativa.

f) Promover e colaborar en iniciativas e actividades que impulsen e desenvolvan a normalización no campo da información xeográfica e impulsar proxectos de normalización nacionais, europeos e internacionais.

3. Xestionar, evolucionar e manter a infraestrutura tecnolóxica de equipamento físico e de comunicacións do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica, prestando especial atención ás aplicacións xeográficas para dispositivos móbiles, en concreto:

a) Manter os sistemas informáticos e de comunicacións e as interconexións con outros sistemas. Xestionar os sistemas virtualizados e na nube. Administrar o equipamento lóxico de base dos sistemas de información, incluíndo os sistemas operativos, sistemas xestores de bases de datos e a xestión das licenzas de software.

b) Controlar e desenvolver aplicacións móbiles que exploten os datos e servizos da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica.

c) Manter un sistema de información comercial para a xestión dos terminais de puntos de venda, xestión de distribuidores, pedidos, facturación, xestión de almacén, etc.

4. Planificar e xestionar a Infraestrutura de datos espaciais de España e administrar o nodo da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional. Desenvolver e manter os portais e aplicacións web da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica, en concreto:

a) Desenvolver e actualizar os servizos web do nodo da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional como parte da Infraestrutura de datos espaciais de España, con especial atención ao cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España.

b) Asesorar tecnicamente e xestionar os traballos do Consello Directivo da Infraestrutura de información xeográfica en España e do grupo de traballo da Infraestrutura de datos espaciais de España. Desenvolver, manter e implantar os servizos web de información xeográfica da Infraestrutura de datos espaciais de España, incluíndo o Catálogo oficial de datos e servizos Inspire.

c) Xestionar e facer evolucionar os portais e aplicacións web da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional ([www.ign.es](http://www.ign.es)) e do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica ([www.cnig.es](http://www.cnig.es)). Así mesmo, desenvolver e xestionar os portais e aplicacións web que a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e o organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica teñan que realizar no exercicio das súas funcións, con especial atención ao portal web da Infraestrutura de datos espaciais de España ([www.ideo.es](http://www.ideo.es)).

d) Administrar e coordinar accións formativas do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica tanto para cursos presenciais como en liña para a capacitación de técnicos especialistas nacionais e internacionais, por iniciativa propia ou cando se establezan os oportunos convenios.

5. Desenvolver proxectos e servizos por iniciativa do propio organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica ou atendendo á iniciativa ou demanda doutras institucións ou entidades, especialmente da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, en concreto:

a) Xestionar os convenios, acordos e contratos necesarios con outras administracións públicas e institucións nacionais e internacionais.

b) Crear a infraestrutura xeográfica que necesiten tanto as administracións públicas como o sector privado, académico e os cidadáns, incluíndo a captura e tratamento de datos xeográficos, así como a posta en marcha de novos servizos.

c) Realizar operacións de implantación de liñas límite municipais, por petición de calquera Administración pública ou calquera particular, sobre as actas de deslindamento e cadernos de campo asociados que custodia a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional. Emitir resolucións de carácter técnico en materia de implantacións de liñas límite municipais, cando oficialmente sexa requirido para iso.

d) Diseñar, promover, xestionar e participar en proxectos de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación, de interese dentro do marco estratéxico da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e dos seus distintos centros dependentes (Observatorio Astronómico Nacional, Observatorio Xeofísico Central, Observatorio de Yebes como grande instalación científica (ICTS) incluída no Mapa nacional de grandes instalacións), tendo en conta as directrices contidas nos plans europeos e nacionais e colaborando cos diferentes organismos, entidades e universidades, tanto públicos como privados.

e) Prestar servizos de asesoría técnica especializada, tanto ao sector público como ao privado, nacional e internacional, con atención prioritaria ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, aos servizos públicos de seguridade e protección civil.

f) Prestar outros servizos en materias competencia da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional concorrendo só ou con outros socios a convocatorias públicas e privadas de ámbito nacional e internacional.

g) Explotar os desenvolvementos tecnolóxicos e científicos e promocionar as actividades de investigación e innovación que poidan derivar da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e dos seus distintos centros.

h) Promover, desenvolver e colaborar en iniciativas de certificación de recursos de información xeográfica.

6. Administrar e xestionar os recursos públicos postos á súa disposición, en concreto:

a) Preparar, xestionar e manter o plan de actuación e o programa estratéxico trianual.

b) Xestionar, manter e controlar os recursos humanos, servizos xerais, económicos e orzamentarios, o inventario e demais servizos de carácter xeral.



7. Representar a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e o Estado español nos foros nacionais e internacionais en que sexa designado.

8. Realizar prestacións de asistencia técnica especializada no ámbito das técnicas e ciencias xeográficas e das funcións establecidas neste estatuto, así como naquelas que determine o Consello Superior Xeográfico respecto das administracións públicas integradas no Sistema cartográfico nacional.

9. Calquera outra actividade que redunde en beneficio dos seus fins.

### CAPÍTULO III

#### Órganos de goberno e executivos

##### Artigo 6. *Órganos de goberno e executivos.*

Os órganos de goberno serán a Presidencia do Centro Nacional de Información Xeográfica e o Consello Reitor. O Consello Reitor e o seu secretario rexeranse polo disposto no presente estatuto e polo establecido na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en canto ao funcionamento dos órganos colexiados das distintas administracións públicas.

Os órganos executivos son a Dirección do organismo e os departamentos de Comercialización, Explotación, Tecnoloxías Aplicadas á Información Xeográfica, Infraestruturas de Información Xeográfica, Xestión de Proxectos e Administración.

##### Artigo 7. *Presidencia.*

A Presidencia do Centro Nacional de Información Xeográfica será exercida pola persoa titular da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional a quen, baixo a supervisión da persoa titular da Subsecretaría de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, lle corresponde:

- a) A alta dirección e representación do organismo e do seu consello reitor.
- b) Convocar, fixar a orde do día, presidir e levantar as reunións do Consello Reitor e dirixir as súas deliberacións.
- c) Velar polo cumprimento das normas aplicables ao organismo público e pola execución dos acordos tomados polo Consello Reitor.
- d) Presentar ao Consello Reitor para a súa aprobación os anteproxectos dos orzamentos e as contas anuais.
- e) Presentar ao Consello Reitor as liñas estratéxicas definidas no plan estratéxico do CNIX e os programas operativos anuais para a súa aprobación.
- f) O seguimento e o control das actividades do organismo.
- g) O informe e proposta de disposicións ou de adopción de medidas que correspondan ao titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e, en particular, as liñas estratéxicas de actuación, os plans xerais de actividade, os orzamentos de ingresos e gastos, os programas de investimentos, as memorias anuais de xestión e a realización de auditorías anuais de xestión do organismo.
- h) A aprobación, logo de autorización da persoa titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, dos prezos públicos dos produtos oficiais producidos pola Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional ou polo organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica.
- i) A celebración de toda clase de actos e contratos en nome do organismo, agás os atribuídos á persoa titular da Dirección no artigo seguinte, e aprobar a súa participación nas actividades a que se refire o artigo 4.2 deste estatuto.
- j) A subscripción de convenios en nome do organismo conforme o establecido no artigo 48.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- k) A aprobación dos gastos e a ordenación dos pagamentos, agás os atribuídos ao director no artigo 9, así como propor as modificacións orzamentarias que sexan pertinentes.

l) A aprobación e rendición de contas do organismo ao Tribunal de Contas, a través da Intervención Xeral da Administración do Estado.

m) Exercer as restantes atribucións que lle confira o ordenamento xurídico.

#### Artigo 8. *Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor será presidido pola persoa que exerza a Presidencia. Formarán parte del a persoa nomeada responsable da Dirección que, ademais, exercerá a Secretaría do Consello, e as persoas responsables das unidades da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico con rango de subdirección xeral.

2. Corresponden ao Consello Reitor as seguintes competencias:

a) Establecer as regras de funcionamento do propio Consello Reitor e as funcións da Secretaría do Consello.

b) Aprobar os anteproxectos dos orzamentos e as contas anuais.

c) Aprobar as liñas estratéxicas definidas no plan estratéxico do CNIX e os programas operativos anuais.

d) Aprobar a sinatura de convenios e protocolos en nome do organismo.

3. Para que o Consello Reitor se poida constituír validamente será necesario que concorran polo menos a metade de todos os vogais que forman parte deste órgano colexiado, ademais da Presidencia e da Secretaría, segundo dispón o artigo 17.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. Os acordos do Consello Reitor serán adoptados por maioría de votos dos vogais e corresponde ao presidente dirimir os empates co seu voto de calidade.

4. Aplicarase o réxime de substitución segundo o previsto no artigo 19 da Lei 40/2015, para suposto de vacantes, ausencia ou enfermidade, en que os vogais poderán ser substituídos polos suplentes se os houber.

#### Artigo 9. *Dirección do organismo autónomo.*

A Dirección do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica ten o nivel orgánico de subdirección xeral e a persoa que ocupe o posto será nomeada e separada do seu cargo pola persoa titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, por proposta da persoa responsable da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, entre o corpo de funcionarios de carreira do subgrupo A1, de conformidade co disposto no artigo 67 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Corresponde á persoa titular da Dirección:

a) Exercer a representación legal do organismo en nome da persoa que exerza a Presidencia.

b) A dirección do Centro e do seu persoal, nos termos previstos nas disposicións vixentes. A implementación e desenvolvemento das actividades e obxectivos de cada liña estratéxica dos programas estratéxicos trianuais e plans anuais de obxectivos.

c) Impulsar e supervisar o exercicio das funcións recollidas no artigo 5 deste estatuto e das demais actividades que formen parte da xestión ordinaria do organismo.

d) Propor á Presidencia as medidas necesarias para a mellor xestión do organismo.

e) Elaborar a proposta de anteproxecto de orzamento anual do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica, así como a execución orzamentaria e a xestión económica e contable do organismo.

f) A aprobación de gastos e celebración de contratos regulados polo artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e a ordenación de pagamentos correspondentes aos anticipos de caixa fixa.

g) A concesión de licenzas de uso da información xeográfica producida polo Instituto Xeográfico Nacional, o Centro Nacional de Información Xeográfica e aquelas outras institucións con que o organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica establece o oportuno acordo ou convenio.

- h) A execución dos plans de actuación do Centro no marco estratéxico común coa Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional.
- i) A participación no Comité de Dirección da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional.
- j) A confección das memorias anuais de xestión.
- k) Cantas atribucións se lle atribúan normativamente ou lle delegue o presidente.

## CAPÍTULO IV

### Estrutura orgánica básica

#### Artigo 10. *Estrutura.*

1. Da Dirección do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica dependen as unidades e servizos co nivel orgánico que determine a correspondente relación de postos de traballo do Centro, que comprenden os seguintes departamentos:

- a) Departamento de Comercialización, para o exercicio das funcións recollidas no número 5.1 deste estatuto.
- b) Departamento de Explotación, para o exercicio das funcións recollidas no número 5.2 deste estatuto.
- c) Departamento de Tecnoloxías Aplicadas á Información Xeográfica, para o exercicio das funcións recollidas no número 5.3 deste estatuto.
- d) Departamento de Infraestruturas de Información Xeográfica, para o exercicio das funcións recollidas no número 5.4 deste estatuto.
- e) Departamento de Xestión de Proxectos, para o exercicio das funcións recollidas no número 5.5 deste estatuto.
- f) Departamento de Administración, para o exercicio das funcións recollidas no artigo 5.6 deste estatuto.

2. Mediante a resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e Presidencia do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica estableceranse as relacións entre estes departamentos e as unidades correspondentes da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, especialmente para dar cumprimento ao disposto no artigo 17.1.m) do Real decreto 645/2020, do 7 xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

## CAPÍTULO V

### Réxime de persoal

#### Artigo 11. *Persoal.*

O persoal do Centro Nacional de Información Xeográfica será funcionario ou laboral. O persoal funcionario rexerese polo previsto no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 outubro, e demais normativa reguladora dos funcionarios públicos ao servizo da Administración xeral do Estado.

O persoal laboral réxese, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público que expresamente así o dispoñan.

#### Artigo 12. *Incompatibilidades.*

O persoal funcionario ou laboral que preste os seus servizos no organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica estará sometido ao réxime xeral de

incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades para o persoal ao servizo das administracións públicas.

## CAPÍTULO VI

### Réxime económico-financeiro

#### Artigo 13. *Recursos económicos.*

Os recursos económicos do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica poderán provir das seguintes fontes:

- a) Os bens e valores que constitúen o seu patrimonio.
- b) Os produtos e rendas do dito patrimonio.
- c) As consignacións específicas que teña asignadas nos orzamentos xerais do Estado, especialmente as destinadas a cubrir o déficit orixinado pola distribución gratuíta ou de baixo custo de información xeográfica oficial.
- d) As transferencias correntes ou de capital procedentes de administracións ou entidades públicas.
- e) Os ingresos que obteña pola comercialización de produtos e da prestación de servizos xeográficos, así como os derivados das actuacións convidadas con outros órganos e institucións das administracións públicas e proxectos de investigación para o desenvolvemento das funcións do organismo ou da súa participación en sociedades.
- f) As doazóns, legados e outras achegas de entidades privadas ou de particulares.
- g) Calquera outro recurso que lle poida ser atribuído.

#### Artigo 14. *Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, intervención e control financeiro e de eficacia.*

1. O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, intervención e control financeiro será o establecido pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Mediante a orde da persoa titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana estableceranse as relacións entre a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e o seu organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica, co fin de garantir o adecuado desenvolvemento do marco estratéxico conxunto e a evolución harmónica das súas respectivas execucións orzamentarias e, en especial, a viabilidade financeira do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica en relación coa distribución gratuíta ou de baixo custo da información xeográfica oficial. Nesta orde estableceranse as condicións de dispoñibilidade e acceso por parte do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica dos produtos e servizos da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional para a súa comercialización e explotación, a participación do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica nos plans e proxectos da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e as relacións comerciais entre ambas as institucións.

Sen prexuízo das funcións atribuídas ao Tribunal de Contas, o control interno da xestión económico-financeira do organismo corresponde á Intervención Xeral da Administración do Estado e será realizado nas condicións e nos termos establecidos no punto anterior pola Intervención Delegada no organismo, baixo a dependencia orgánica e funcional da Intervención Xeral da Administración do Estado. A Intervención Delegada terá o rango que figure na relación de postos de traballo.

3. A Inspección de servizos do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Intervención Xeral da Administración do Estado exercerán o control de eficacia e supervisión continua, que ten por obxecto avaliar o cumprimento dos obxectivos definidos neste estatuto e a adecuada utilización dos recursos, de acordo co establecido no plan de

actuación e as súas actualizacións anuais, todo iso de acordo cos termos previstos no artigo 85.2 e 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### Artigo 15. *Réxime de contratación.*

1. De acordo co previsto no artigo 100.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica rexerese en materia de contratación pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

2. A Presidencia do Centro Nacional de Información Xeográfica é o órgano de contratación e ten as prerrogativas enumeradas no artigo 190 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, excepto para os contratos regulados polo artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, en que o órgano de contratación é a Dirección do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica.

3. Non obstante o anterior, o titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana deberá autorizar a celebración daqueles contratos cuxo valor estimado exceda o previamente fixado por aquel, de acordo co establecido no artigo 324.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro. Ata o momento en que se fixe a contía para a dita autorización, deberá observarse o previsto na disposición transitoria segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

## CAPÍTULO VII

### Réxime patrimonial

#### Artigo 16. *Patrimonio.*

1. O réxime patrimonial do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica será o establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

2. O organismo contará, para o cumprimento dos seus fins, cos bens e dereitos que integren o seu patrimonio, con aqueles outros que lle sexan adscritos pola Administración xeral do Estado, cos que adquira no desenvolvemento da súa xestión e cos que, por calquera título, lle sexan incorporados por calquera persoa, pública ou privada.

3. Atribúese ao organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica a utilización e eventual comercialización das marcas de que sexa titular o Estado para a promoción e difusión da información xeográfica oficial.

#### Artigo 17. *Inventario.*

1. O organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica formará e manterá actualizado o inventario dos seus bens e dereitos, con excepción dos de carácter funxible, de acordo coas previsións da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas. O inventario revisarase, se for o caso, anualmente con referencia ao 31 de decembro.

2. Anualmente, o organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica, O.A. remitirá ao Ministerio de Facenda o inventario de bens e dereitos do organismo.

## CAPÍTULO VIII

### Actos e resolucións

#### Artigo 18. *Actos e resolucións da Presidencia.*

1. Os actos e resolucións adoptados pola persoa que exerza a Presidencia do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica, no exercicio das súas funcións, poñen fin á vía administrativa, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición,

previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Os procedementos de responsabilidade patrimonial resolveranse de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 19. *Actos e resolucións da Dirección.*

Os actos e resolucións adoptados pola persoa que exerza a Dirección do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica, no exercicio das súas funcións, poderán ser impugnados enalzada ante a persoa titular da Presidencia do organismo.

## CAPÍTULO IX

### Invencións e patentes

Artigo 20. *Invencións e patentes.*

Corresponde ao organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica a titularidade das invencións realizadas polo seu persoal, ou polo da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, en consonancia co disposto no título IV da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes, e no Real decreto 55/2002, do 18 de xaneiro, sobre explotación e cesión de invencións realizadas nos entes públicos de investigación, nos casos en que resulte aplicable.

## CAPÍTULO X

### Imaxe institucional

Artigo 21. *Imaxe institucional.*

A imaxe institucional do organismo autónomo Centro Nacional de Información Xeográfica será común coa propia da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e axustarase ao establecido na normativa que regule os criterios de imaxe institucional e a produción documental e o material impreso da Administración xeral do Estado.